

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE TRABALLO E BENESTAR

XEFATURA TERRITORIAL DE VIGO

Servizo de Traballo e Economía Social

CONVENIO O ACORDO: CANGAS DE MORRAZO U.T.E. AQUALIA GIA SA Y FCC, SA - UTE

Código de Convenio número 36003812012004

Visto o Acordo da Comisión Negociadora polo que se aproba o texto do convenio colectivo para os traballadores do Servizo Municipal de Abastecemento e Saneamento de Auga de Cangas do Morrazo, adscritos á empresa AQUALIA, GIA, SA Y FCC, SA (CANGAS DE MORRAZO-UTE), subscrito en representación da parte económica, por unha representación da mercantil e da parte social polo delegado de persoal, en data 30 de novembro de 2011.

Primeiro.—Que no mesmo non se aprecia ningunha infracción da legalidade vixente e as súas cláusulas non conteñen estipulacións en perxurio de terceiros.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Primeiro.—Que o artigo 90.2 y 3 do Real Decreto Lexislativo 1/1995, de 24 de marzo, do Estatuto dos Traballadores, outorga facultades a Autoridade laboral competente en orden ao rexistro, publicación, depósito e notificación dos Acordos Colectivos pactados no ámbito da súa competencia.

Segundo.—Real Decreto 713/2010, de 28 de maio, sobre Rexistro e Depósito dos convenios e acordos colectivos de traballo.

Terceiro.—Real decreto 2412/82, do 24 de xullo, sobre traspaso de funcións e servizos da Administración do Estado á Comunidade Autónoma de Galicia, en materia de traballo,

Esta xefatura territorial,

www.cigservizos.org

ACORDA:

Primeiro.—Ordenar o seu rexistro e depósito no Rexistro de Convenios e Acordos Colectivos de Traballo da Comunidade Autónoma de Galicia, creado mediante Orde do 29 de outubro de 2010 (DOG nº 222, do 18.11.2010).

Segundo.—Dispoñer a súa publicación no Boletín Oficial da Provincia.

Terceiro.—Ordenar a notificación desta Resolución a Mesa Negociadora do mesmo.

EMPRESA aqualia gestión integral del agua, s.a. y Fomento de Construcciones y Contratas, s.a. Unión Temporal de Empresas, Ley 18/1982 de 26 de maio (“CANGAS DE MORRAZO U.T.E.”)

CONVENIO COLECTIVO
ANOS 2010 – 2011 – 2012 - 2013

ARTIGO 1.—ÁMBITO DE APLICACIÓN:

O presente Convenio Colectivo será de aplicación a todo o persoal da empresa CANGAS DE MORRAZO U.T.E., concesionaria do Servizo Municipal de Abastecemento e Saneamento de Auga de Cangas de Morrazo.

ARTIGO 2.—ÁMBITO TEMPORAL:

Este Convenio entrará en vigor ó primeiro de xaneiro do 2010 sexa cal fose a data da súa publicación. Terá unha vixencia de CATRO anos, que rematará o 31 de decembro do 2013, considerándose a partir de entón prorrogado de ano en ano, se non fose denunciado con dous meses de antelación ó remate da súa vixencia inicial ou prorrogada.

ARTIGO 3.—DENUNCIA:

A denuncia deste Convenio deberá efectuarse por escrito ante a Autoridade Laboral e a outra parte asinante, segundo o previsto en canto a prazo no artigo anterior. Se o presente Convenio Colectivo non fora denunciado, o texto do Convenio e as táboas salariais definitivas do ano 2013 entenderanse prorrogadas de ano en ano.

ARTIGO 4.—CONCEPTOS RETRIBUTIVOS:

As retribucións de cada traballador estarán compostas polo Salario Base de Convenio e os Complementos que para cada actividade e categoría se determinan no articulado do Convenio.

O pagamento da nómina mensual efectuarase mediante transferencia bancaria á entidade previamente designada polo interesado.

ARTIGO 5.—SALARIO BASE:

- ANO 2010: O Salario Base será o fixado na táboa anexa nº I.
- ANO 2011: O Salario Base será o fixado para o ano 2010 incrementado no dous por cento (2%).
- ANO 2012: O Salario Base será o fixado na táboa salarial definitiva para o ano 2011 incrementado no dous por cento (2%).
- ANO 2013: O Salario Base será o fixado na táboa salarial definitiva para o ano 2012 incrementado no un con cincuenta por cento (1,50%).

Cláusula de revisión para os anos 2011 e 2012.—No caso de que o IPC estatal establecido polo INE rexistrase ó 31 de decembro dos anos 2011 e 2012 un incremento superior ó dous por cento (2%) para cada un deles, efectuarase unha revisión salarial no exceso sobre a indicada cifra, tan pronto se constate oficialmente esta circunstancia.

Cláusula de revisión para o ano 2013.—No caso de que o IPC estatal establecido polo INE rexistrase ó 31 de decembro de 2013 un incremento superior ó un con cincuenta por cento (1,50%), efectuarase unha revisión salarial no exceso sobre a indicada cifra, tan pronto se constate oficialmente esta circunstancia

O abono das diferenzas producirase no mes seguinte ó da súa constatación oficial, con carácter retroactivo dende o un de xaneiro de cada un dos anos obxecto de revisión.

ARTIGO 6.—ANTIGÜIDADE:

Tódolos traballadores afectados por este Convenio percibirán en concepto de antigüidade as cantidades fixadas na táboa anexa nº II.

A data de partida dos premios será a do primeiro de xaneiro ou a do primeiro de xullo, segundo que o ingreso na Empresa se producise o primeiro ou segundo semestre do ano.

ARTIGO 7.—PARTICIPACIÓN EN BENEFICIOS / COMPLEMENTO POSTO DE TRABAJO

O persoal acollido a este Convenio percibirá mensualmente por este concepto, durante o ano 2010, o importe que figura na táboa anexa nº I.

Para os anos seguintes de vixencia do Convenio revisarase do mesmo xeito co estipulado no artigo 5 (Salario Base).

A partires do 1 de xaneiro de 2012, e por petición expresa dos representantes da empresa, transformárase en “Complemento posto de traballo”

ARTIGO 8.—GRATIFICACIÓNS EXTRAORDINARIAS:

O persoal comprendido neste Convenio, percibirá catro pagas extraordinarias de devengo trimestral, por importe cada unha delas dunha mensualidade, calculada sobre o salario base maila antigüidade, que serán efectivas o 31 de marzo, o 30 de xuño, o 30 de setembro e 22 de decembro.

O cómputo efectuarase do seguinte xeito:

TRIMESTRE	ABONO
Xaneiro, febreiro, marzo	Marzo
Abril, maio, xuño	Xuño
Xullo, agosto, setembro	Setembro
Outubro, novembro, decembro	Decembro

O persoal de novo ingreso, ou que cese durante o primeiro semestre do ano, percibirá unicamente a parte proporcional das pagas extraordinarias de marzo e xuño, que corresponda ó tempo efectivamente traballado. Idéntico criterio aplicarase para o persoal que ingrese ou cese na Empresa no segundo semestre do ano, respecto ás pagas extraordinarias de setembro e decembro.

ARTIGO 9.—COMPLEMENTO DE TOXICIDADE:

O plus por traballos tóxicos fíxase para o ano 2010 en 18,54 €/mensuais, por mes efectivamente traballado. Para os anos seguintes de vixencia do Convenio revisarase do mesmo xeito co estipulado no artigo 5 (Salario Base).

Aplicarase cando se efectúen cambios de contedores ou botellas de cloro ou reparen avarías nos aparellos de dosificación, ó persoal implicado nos ditos traballos, así como a todos aqueles traballadores que nun momento determinado efectúen traballos no abastecemento ou saneamento e depuración de auga con posibilidade de existencia de toxicidade.

ARTIGO 10.—PLUS DE TRANSPORTE / CONVENIO:

Aboaráselle a tódolos traballadores da empresa en concepto de plus de transporte un importe mensual de CIENTO TRINTA CON OITENTA E UN euros (130,81 €) durante o ano 2010, por mes efectivamente traballado.

Enténdense, en todo caso, absorbida calquera cantidade que poidese devengar en concepto de plus de distancia.

Para os anos seguintes de vixencia do convenio revisarase do mesmo xeito co estipulado no artigo 5 (Salario Base).

A partires do 1 de xaneiro de 2012, e por petición expresa da representación dos traballadores, o plus de transporte transformase en plus convenio que terá carácter de complemento salarial e será aboado en DOCE mensualidades

ARTIGO 11.—QUEBRANTAMENTO DE MOEDA:

A Empresa non exime da obriga de repñer posibles perdas de diñeiro a aqueles traballadores que a súa función leve implícito o manexo do diñeiro.

Non obstante, como compensación do anterior, aboaráselle a cada un destes traballadores durante a vixencia do Convenio a cantidade por mes efectivamente traballado de:

- Ano 2010: SESENTA euros (60,00 €)
- Anos 2011; 2012 e 2013: SESENTA E CINCO euros (65,00 €)

ARTIGO 12. – HORAS EXTRAORDINARIAS:

As horas extraordinarias serán de execución obrigatoria para realizar traballos derivados de acumulación de tarefas, ausencias imprevistas, avarías, cambios de quenda e outras circunstancias de carácter estrutural, por mor da natureza do traballo a executar teñan que realizarse a criterio da empresa.

O valor das hora extraordinarias é o fixado no táboa anexa nº III e en ningún caso se compensarán economicamente máis de 80 horas extraordinarias por traballador, debendo compensarse por tempo equivalente de descanso nos catro meses seguintes a súa realización tódalas que superen o límite citado.

ARTIGO 13 – QUILOMETRAXE E DIETAS:

Todo traballador que utilice o vehículo da súa propiedade por conta da Empresa, percibirá a cantidade de 0,27 €/Km. Será necesaria a aprobación do gasto por parte do responsable correspondente.

A o traballador que, por necesidade da empresa, teña que xantar ou cear fora do seu domicilio aboaráselle a cantidade de 15,00 € por cada dieta que se vexa obrigado a realizar.

Enténdese que as melloras pactadas serán de aplicación a partir da data da sinatura do Convenio Colectivo.

ARTIGO 14 . – DISPOÑIBILIDADE SEMANAL:

O venres de cada semana entrará de dispoñibilidade un traballador para de rede e outro de equipos para atende-los avisos e tarefas correspondentes, prolongándose este servizo hasta o venres seguinte.

Os traballadores de dispoñibilidades estarán apoiados por outro da rede para aqueles traballos que pola súa envergadura ou complexidade non sexan capaces de resolver por si sos. Comunicando as situacións a xefatura do servizo, que será quen de decidir.

Os traballadores de dispoñibilidades portarán durante a semana un dispositivo que os manteña localizados fóra do horario laboral, onde recibirán tódolos avisos das situacións que se produzan no Servizo, debendo acudir, en principio, o traballador de dispoñibilidade coa prestancia suficiente para atender a resolución das citadas situacións.

As dispoñibilidades de acordo co anteriormente descrito serán obrigatorias e rotativas entre todos-los traballadores de rede e de equipos respectivamente.

A retribución por este concepto será de CEN euros semanais (100,00 €/semana) para o ano 2010 e CENTO DEZ euros semanais (110,00 €/semana) para o ano 2011.

A partires do 1 de xaneiro de 2012 a retribución transformarse en diaria, sendo de 20 euros/día non laborable e 14 euros/día laborable.

Retribuiranse como horas extraordinarias as horas efectivamente traballadas fora de xornada ordinaria.

ARTIGO 15. – XORNADA DE TRABALLO:

A xornada de traballo será de CORENTA HORAS semanais (40,00 h.) distribuídas segundo o seguinte horario:

De luns a xoves de 8h 30 min. a 14 horas e de 16 a 19 horas, e o venres de 8 e media a 14h 30 min., cas seguintes singularidades:

- O período comprendido entre o 1 de Xuño a 15 de Setembro: de luns a venres de 7,30 h a 15,00 h.
- Os días de Noiteboa (24 de Decembro) e Fin de ano (31 de Decembro) serán non laborables.
- A xornada anual de traballo durante os anos de vixencia será de 1750 h.
- Adaptarase a xornada resultante destes horarios ó cómputo anual establecido.

ARTIGO 16. – VACACIÓNS:

Tódolos traballadores terán dereito a un período de vacacións anuais de trinta (30) días naturais.

Para o disfrute das vacacións farase un calendario rotativo dentro de cada servizo, en función do período de disfrute previsto, que garantice que ningún traballador poda verse discriminado.

A retribución en período vacacional será: Salario Base máis Antigüidade e Participación en Beneficios.

A partires do 1 de xaneiro de 2012 será: Salario Base máis Antigüidade, Complemento posto de traballo e Complemento de convenio.

ARTIGO 17. – FESTAS:

Terán a consideración de festas, todas aquelas que regulamentariamente estean determinadas, tamén o día 1 de xuño, día da Patrona. Se o primeiro de xuño fose día non laborable, cambiarase polo día laborable inmediatamente anterior.

ARTIGO 18. – LICENCIAS E PERMISOS:

O traballador, previo aviso e posterior xustificación, poderá ausentarse do traballo con dereito a remuneración, por algún dos motivos e períodos seguintes:

- 15 días naturais en caso de matrimonio.
- 3 días naturais en caso de falecemento, enfermidade grave ou hospitalización dun mínimo de 2 días, de cónxuxe, fillos ou pais.
- 2 días polo falecemento, accidente ou enfermidade graves, hospitalización ou intervención cirúrxica sen hospitalización que precise repouso domiciliario, de parentes ata o segundo grao de consanguinidade ou afinidade. Cando, con tal motivo o traballador ou traballadora necesite facer un desprazamento ao efecto, o prazo será de catro días.
- 3 días naturais polo nacemento de fillo-a.
- 1 día por traslado de domicilio.
- 3 días por asuntos propios, previo aviso de 72 horas e a autorización do Xefe de Servizo. Só se poderán disfrutar de un en un.
- As licencias enténdese vinculadas ó feito causante, debéndose disfrutar ó producirse este.

En todos os supostos contemplados neste artigo, recoñecerase o dereito a licenza retribuída tanto aos matrimonios convencionais como ás parellas de feito legalmente rexistradas nos rexistros públicos creados ou que se poidan crear, para o efecto en calquera ámbito xeográfico ou, en defecto destes últimos, as acreditadas mediante escritura pública notarial outorgada conxuntamente, debéndose demostrar de forma fidedigna ante a empresa os requisitos establecidos anteriormente para o correspondente disfrute da licenza.

ARTIGO 19. – FONDO SOCIAL:

Nos ano 2010 o importe do Fondo Social para axuda de estudos, cultura, deporte, turismo social, etc., será de DOUSCENTOS CINCUENTA euros (250,00 €) por traballador e ano. Para o resto de anos de vixencia do Convenio será de TRESCENTOS euros (300,00 €) por traballador e ano.

ARTIGO 20. – ROUPA DE TRABALLO:

Subministraránselle a todo o persoal as necesarias e habituais roupas de traballo, quedando determinada a súa entrega na forma seguinte:

Chaleco con forro polar	2 ó ano
Camisa de manga curta/polo.	4 ó ano
Camisa de manga longa:	2 ó ano
Anorak:	1 cada dous anos
Chaqueta:	2 ó ano
Pantalón:	4 ó ano
Botas de seguridade:	1 par ó ano
Luvas de caucho:	Segundo necesidades
Botas de auga.	1 par ó ano
Xerseis:	2 ó ano
Gorra de bisera	2 ó ano
Roupa de auga.	Cando o posto o requira
Roupa de augas desbotables	Nos seguintes casos:
	1º.—Que o traballador/es realicen traballos nas redes de alcantarillado.
	2º.—Que o traballador/es realicen traballos dentro dos pozos ou estacións de bombeo.
A utilización de roupa de traballo será obrigatoria durante a xornada laboral.	

ARTIGO 20 BIS.—SERVIZO DE LAVANDERÍA

A empresa comprométese a contratar un servizo de lavandería semanal para a roupa dos traballadores que realicen traballos nas redes de abastecemento e saneamento ou nas estacións de bombeo.

ARTIGO 21.—SEGURO DE ACCIDENTES:

Con efectos 1 de xaneiro de 2012 a Empresa comprométese a subscribir unha póliza de accidentes de traballo que lle garanta a cada traballador as seguintes indemnizacións:

- a) No caso de falecemento por accidente de traballo ou enfermidade profesional: TRINTA E CINCO MIL euros (35.000 €).
- b) No caso de incapacidade permanente total, absoluta ou gran invalidez, derivadas de accidente laboral ou enfermidade profesional TRINTA E CINCO MIL euros (35.000,00 €)

ARTIGO 22.—SITUACIÓN DE INCAPACIDADE TEMPORAL:

A Empresa aboaralles a tódolos traballadores durante a situación de I.T. derivada de accidente de traballo e dende o primeiro día, a diferenza entre as prestacións da Seguridade Social e o 100% do Salario Base máis antigüidade e participación en beneficios e parte proporcional das pagas extras. A partires do 1 de xaneiro de 2012 añadirase o Complemento de convenio e o Complemento de posto de traballo.

De igual xeito, complementarase ata o 100% do Salario Base máis antigüidade, participación en beneficios e parte proporcional das pagas extras, nos casos de hospitalización e mentres dure esta. A partires do 1 de xaneiro de 2012 añadirase o Complemento de convenio. A devandita situación deberase acreditar fidedignamente para xerar o dereito a este complemento.

ARTIGO 23.—SEGURIDADE E SAÚDE LABORAL:

Será de aplicación a Lexislación Vixente sobre Seguridade e Saúde Laboral, e ámbalas partes velarán polo seu estrito cumprimento.

ARTIGO 24.—RETIRADA DO PERMISO DE CONDUCIR:

No suposto de que a un traballador, realizando o seu cometido cun vehículo da Empresa e cumprindo a función que lle foi asignada, se lle retirara o permiso de conducir, a Empresa o acomodará a outro posto de traballo axeitado as súas facultades e se respectará a retribución da súa categoría profesional, por un máximo de 2 anos. Ó remate da suspensión será reintegrado o seu posto de traballo.

Estes beneficios non terán lugar cando a causa da retirada do permiso de conducir se deba a imprudencia temeraria, embriaguez ou drogadicción, ou cando exista reincidencia.

ARTIGO 25.—LEXISLACIÓN SUBSIDIARIA:

En todo no que non está recollido no presente convenio, estarase ó que dispoña o Estatuto dos Traballadores e o “convenio Estatal de las Industrias de Captación, Elevación, Conducción, Tratamento, Depuración y Distribución de Agua” e demais normas vixentes aplicables.

ARTIGO 26.—CONTRATACIÓN:

Aos traballadores que demostrasen as súas capacidades profesionais, idoneidade para o posto de traballo e dedicación mediante un contrato temporal previo, unha vez finalizado éste (salvo que se trate dun contrato de interinidade ou derivado pola realización dunha actividade concreta con una data de finalización determinada), faráselles un contrato de obra ou servizo determinado polo período de tempo que dure a concesión do servizo.

ARTIGO 27.—COMISIÓN PARITARIA:

Para velar pola aplicación, cumprimento e interpretación do estipulado no presente Convenio Colectivo, créase unha comisión paritaria entre os participantes da negociación do mesmo, formada por UN representante dos traballadores e UN representante da empresa.

As funcións da comisión paritaria serán as establecidas no artigo 86-3-h) do Estatuto dos Traballadores.

ARTIGO 28.—DEFINICIÓN DE CATEGORÍAS:

O persoal incluído no ámbito de aplicación deste convenio colectivo clasificarase de acordo co establecido no convenio estatal.

A título meramente enunciativo as categorías profesionais nas que deben estar encadrados os traballadores acollidos a este convenio serán

Persoal administrativo:

Administrativos.

Son os que axudan ós seus superiores en traballos de tipo administrativo en calquera das súas facetas, posuíndo coñecementos de carácter burocrático, tales como ofimáticos en xeral, manexo de máquinas de calcular, cálculo numérico, manipulación de efectos e documentos, xustificantes, custos e preparación de recibos e cargos, etc.

Lectores-Peón especialista.

Son os que anotan o consumo sinalado polos contadores dos abonados nos rexistros da Empresa ou Entidade en libretas ou outros medios que constan en poder daqueles, realizando o conxunto de operacións de restas, renovación de libretas de abonados e similares, que consonte as normas e costumes propios da organización de cada Empresa, son necesarias e oportunas para proceder á ulterior facturación de subministracións, debendo dar conta ós seus superiores das anomalías que observen con motivo das lecturas de contadores.

Son os empregados que con determinados coñecementos dunha especialidade, execúntana e axudan os oficiais.

A retribución pola realización da lectura do Servizo de Cangas será de TRINTA euros/mes traballado (30,00 €) durante o ano 2010 e TRINTA E CINCO euros/mes traballado (35,00 €) durante o resto da vixencia do presente Convenio.

Persoal Operario*Oficiais de Primeira.*

Son os que posuíndo un oficio determinado o practican e aplican con tal grado de perfección que non só lle permiten levar a cabo os traballos xenerais do seu oficio, se non aqueles outros que supoñen especial empeño e delicadeza dentro de el, con coñecemento completo dos traballos de taller, das instalacións de produción das redes de distribución e saneamento; coidan do seu cumprimento e dirixen persoalmente os traballos do persoal obreiro, con perfecto coñecemento das súas tarefas que os mesmos efectúan, sendo responsables da súa disciplina, seguridade e rendemento, así como da perfecta execución do traballo.

Oficiais de Segunda.

Integran esta categoría aqueles operarios que, sen chegar á especialidade esixida para o traballo máis perfecto, executan coa suficiente corrección e eficacia tarefas de carácter xeral ou específicas nos talleres, nas instalacións de produción ou nas redes de distribución e saneamento.

Este persoal poderá estar actuando ás ordes de persoal de superior categoría, ou ter o seu cargo persoal de categoría inferior cando o cometido asignado non sexa de maior responsabilidade.

Oficiais de Terceira.

Considéranse como tales os que, coa formación profesional elemental das funcións que integran un oficio, executan os traballos de acordo coa referida formación, baixo a dirección ou encargo dun superior.

Peóns Especialistas.

Son os empregados que con determinados coñecementos dunha especialidade a executan e axudan ós oficiais.

Peóns.

Desempeñan actividades rutinarias na empresa que non precisan formación específica.

Os peóns con antigüidade superior os dous anos ascenderán a Peóns Especialistas.

ARTIGO 29. – PERMISO PATERNIDADE/MATERNIDADE:

Nestas materias, estarase ó disposto na normativa legal vixente en cada momento.

ANEXO I.- TÁBOA SALARIAL DEFINITIVA 2010

CATEGORIA	SALARIO BASE	PARTIC. EN BENEF/ COMPL. POSTO TRABAJO	COMPL. TOXIC. (traballo efectivo)	QUEBR. MOEDA (traballo efectivo)	PLUS TRANSP. / PLUS CONVENIO (traballo efectivo)	TOTAL MES	GRATRIF. EXTR. DE MARZO	GRATRIF.E XTR. DE XUÑO	GRATRIF.E XTR. DE SETEMB.	GRATRIF.E XTR. DE DECEMB.	TOTAL ANUAL 2010 (Retribución por jornada ordinaria)
Administrativo	813,73 €	122,06 €	0,00 €	60,00 €	130,81 €	1.126,60 €	813,73 €	813,73 €	813,73 €	813,73 €	16.583,30 €
Oficial 1ª	1.107,78 €	166,17 €	18,54 €	0,00 €	130,81 €	1.423,30 €	1.107,78 €	1.107,78 €	1.107,78 €	1.107,78 €	21.361,33 €
Oficial 2ª	1.014,31 €	152,15 €	18,54 €	0,00 €	130,81 €	1.315,81 €	1.014,31 €	1.014,31 €	1.014,31 €	1.014,31 €	19.697,57 €
Oficial 3ª	873,00 €	130,95 €	18,54 €	0,00 €	130,81 €	1.153,30 €	873,00 €	873,00 €	873,00 €	873,00 €	17.182,25 €
Peón especialista	813,73 €	122,06 €	18,54 €	0,00 €	130,81 €	1.085,14 €	813,73 €	813,73 €	813,73 €	813,73 €	16.127,24 €
Peón	806,89 €	121,03 €	18,54 €	0,00 €	130,81 €	1.077,27 €	806,89 €	806,89 €	806,89 €	806,89 €	16.005,49 €

ANEXO I.- TÁBOA SALARIAL PROVISIONAL 2011

CATEGORIA	SALARIO BASE	PARTIC. EN BENEF/ COMPL. POSTO TRABAJO	COMPL. TOXIC. (traballo efectivo)	QUEBR. MOEDA (traballo efectivo)	PLUS TRANSP. / PLUS CONVENIO (traballo efectivo)	TOTAL MES	GRATRIF. EXTR. DE MARZO	GRATRIF.E XTR. DE XUÑO	GRATRIF.E XTR. DE SETEMB.	GRATRIF.E XTR. DE DECEMB.	TOTAL ANUAL 2010 (Retribución por jornada ordinaria)
Administrativo	830,00 €	124,50 €	0,00 €	65,00 €	133,43 €	1.152,93 €	830,00 €	830,00 €	830,00 €	830,00 €	16.956,73 €
Oficial 1ª	1.129,94 €	169,49 €	18,91 €	0,00 €	133,43 €	1.451,77 €	1.129,94 €	1.129,94 €	1.129,94 €	1.129,94 €	21.788,66 €
Oficial 2ª	1.034,60 €	155,19 €	18,91 €	0,00 €	133,43 €	1.342,13 €	1.034,60 €	1.034,60 €	1.034,60 €	1.034,60 €	20.091,62 €
Oficial 3ª	890,46 €	133,57 €	18,91 €	0,00 €	133,43 €	1.176,37 €	890,46 €	890,46 €	890,46 €	890,46 €	17.525,94 €
Peón especialista	830,00 €	124,50 €	18,91 €	0,00 €	133,43 €	1.106,84 €	830,00 €	830,00 €	830,00 €	830,00 €	16.449,74 €
Peón	823,03 €	123,45 €	18,54 €	0,00 €	133,43 €	1.098,45 €	823,03 €	823,03 €	823,03 €	823,03 €	16.321,60 €

TABOA ANEXA LL - ANTIGÜIDADE 2010, 2011, 2012, 2013 EUROS/MES					
Categoría	1 BIENIO	2 BIENIOS	2B. E 1Q.	2B. E 2Q.	2B. E 3Q.
TODAS	10,22 €	20,44 €	45,68 €	72,12 €	96,16 €
TABOA ANEXA III - HORA EXTRA DIURNA, NOCTURNA E FESTIVA					
AUX ADMON	2010	2011	2012	2013	
	17	18	18	19	
OFIC 1	19	20	20	21	
OFIC 2	19	20	20	21	
OFIC 3	19	20	20	21	
PEON ESP	17	18	18	19	
PEON	17	18	18	19	

Vigo, a 23 de xaneiro de 2014. — A Xefa Territorial, María Rita Peón Fernández.

2014000835

CONVENIO O ACORDO:

CANGAS DE MORRAZO U.T.E. AQUALIA GIA SA Y FCC, SA - UTE (TÁBOAS SALARIAIS DEFINITIVAS 2012 E PROVISIONAIS 2013)

Código de Convenio número 36003812012004

Visto o Acordo da Comisión Negociadora polo que se aproban as táboas salariais definitivas do ano 2012, e as provisionais de 2013, para os traballadores do Servizo Municipal de Abastecemento e Saneamento de Auga de Cangas do Morrazo, adscritos á empresa AQUALIA, GIA, SAY FCC, SA (CANGAS DE MORRAZO-UTE), subscrito en representación da parte económica, por unha representación da mercantil e da parte social polo delegado de persoal, en data 28 de febreiro de 2013.

Primeiro. — Que no mesmo non se aprecia ningunha infracción da legalidade vixente e as súas cláusulas non conteñen estipulacións en perxurio de terceiros.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Primeiro. — Que o artigo 90.2 y 3 do Real Decreto Lexislativo 1/1995, de 24 de marzo, do Estatuto dos Traballadores, outorga facultades a Autoridade laboral competente en orden ao rexistro, publicación, depósito e notificación dos Acordos Colectivos pactados no ámbito da súa competencia.

Segundo. — Real Decreto 713/2010, de 28 de mayo, sobre Rexistro e Depósito dos convenios e acordos colectivos de traballo.

Terceiro. — Real decreto 2412/82, do 24 de xullo, sobre traspaso de funcións e servizos da Administración do Estado á Comunidade Autónoma de Galicia, en materia de traballo,

Esta xefatura territorial,

ACORDA:

Primeiro. — Ordenar o seu rexistro e depósito no Rexistro de Convenios e Acordos Colectivos de Traballo da Comunidade Autónoma de Galicia, creado mediante Orde do 29 de outubro de 2010 (DOG nº 222, do 18.11.2010).

Segundo. — Dispoñer a súa publicación no Boletín Oficial da Provincia.

Terceiro. — Ordenar a notificación desta Resolución a Mesa Negociadora do mesmo.